

O mestre gaitero Henrique Otero no Val de Miñor

Xaime Estévez

Autor para correspondencia: xaimeestevez@gmail.com

Como citar este artigo. Estévez, X. (2023). O mestre gaitero Henrique Otero no Val de Miñor *Revista Estudos Miñoráns* 23: 71-75

Resumo

O artigo mostra as pezas musicais adicadas ao Val de Miñor por Henrique Otero Covelo. Este foi o primeiro profesor en impartir gaita galega con validez oficial nun Conservatorio, e representa a transición do gaitero tradicional rural ao gaitero urbano.

Palabras clave: A Seneira, Abóbriga, Cantares do Brión, Conservatorio Superior de Música, Henrique Otero Covelo, Os Terribles de Donas.

Abstract

The article shows the musical pieces dedicated to Val de Miñor by Henrique Otero Covelo. This was the first teacher to teach Galician bagpipes with official validity in a Conservatory, and represents the transition from the traditional rural bagpiper to the urban bagpiper.

Keywords: A Seneira, Abóbriga, Cantares do Brión, Superior Conservatory of Music, Henrique Otero Covelo, Os Terribles de Donas.

Introdución

Henrique Otero Covelo (Vigo 1930-2013) representa a transición definitiva do gaitero tradicional rural ao gaitero urbano, da pura tradición oral ao músico con formación académica. O primeiro profesor en impartir gaita galega con validez oficial dende os anos setenta no conservatorio de Vigo e o primeiro gaitero- mestre cun volume de obras compostas tan cuantioso, preto de 300, e que abarcan máis de medio século, dende os anos sesenta ata o ano do seu pasamento en 2013. Obras que tratan todas as formas populares aplicadas á gaita, coa preferencia de Muíneiras, Xotas, Danzas e Foliadas, pero tamén con Pasodobres, Alboradas, Baladas ou Rumbas. Tamén con distintos formatos instrumentais, como gaita solista, cuarteto tradicional, gaita e outros instrumentos, gaita e voz... Todas estas pezas foron encadernadas por el mesmo en catro tomos e rexistradas na SGAE sendo o seu patrimonio cultural e espiritual máis querido. Como alumno seu e sucesor no Conservatorio Superior de Música de

Vigo (1983-1988), pero tamén como amigo persoal que, como el vive, dende hai tempo no Val de Miñor, relatarei as evidencias da relación tan singular da vida e da obra do mestre Otero con esta comarca.

A xeografía de “O Gaitero do Fragoso”

No seu catálogo de obras podemos constatar como os lugares polos que pasou deixaron pegada na súa obra. Vigo evidentemente é o epicentro, habendo pezas dedicadas a moitos lugares e festas dese municipio, pero podemos continuar en noutros municipios, como Porriño, Tomiño, Ribeira, Pontearreas, Redondela, Pontevedra, Soutomaior, Moaña,... e tamén onde fixo viaxes e estancias como mestre, caso de Suíza ou Arxentina,...

O Val de Miñor

Henrique Otero deixou sen dúbida a súa pegada en moitos lugares, pero un deles e moi especial foi o Val de

Miñor, que el elixiu para ter a súa casa dende o ano 1983 ata o seu pasamento en 2013, na parroquia de Vilaríño, en Nigrán. Sen dúbida alí foi un lugar de inspiración para a creación de moitos temas que de xeito explícito podemos comprobar no seu catálogo, onde chegamos a ter dez pezas relacionadas co Val de Miñor con temas dedicados a distintos lugares dos concellos de Nigrán, Gondomar ou Baiona.

O Val de Miñor ten a oportunidade de poñer nun primeiro plano esta relación tan especial do mestre Otero con estes lugares elixidos por el para formar parte da súa vida e consolidar no futuro este patrimonio cultural que supón a relación do compositor da tradición con estas fermosas terras.




Fig 1. 1971 Primeira obra dedicada ao Val de Miñor no seu catálogo de obras.



Fig 2. 1982 coa banda Raigames na Praza da Constitución en Vigo.

O mestre Otero é vigués de nacemento, no barrio de Lavadores, alí e grazas as Escolas Nieto iniciouse na música, que sería a súa profesión e paixón no futuro. Como para moitos vigueses, o Val de Miñor foi o lugar escollido para ter outra residencia temporal, e así, dende o ano 1983, xa na súa madurez, gozou dunha casa no barrio de Vilaríño en Nigrán, pero a pouca distancia de Gondomar e Baiona e no centro da comarca do Val de Miñor. Esta circunstancia non pasou desapercibida no futuro, nin na súa vida nin na súa obra, que conta no seu catálogo con dez composicións que abarcan dende 1971 (antes de ter a súa casa en Vilaríño) ata xusto o ano do seu pasamento 2013 no que mantiña moi boas relacións cos grupos da zona.

A gravación en Casa de Tolos (Mañufe-Gondomar)

No ano 2000 propuxéronlle a gravación dun monográfico con obras súas e foi en Mañufe, no estudio de Segundo Grandío “Casa de Tolos”. Hai que dicir que a gravación foi algo incómoda para Henrique. Tiña setenta anos daquela e a situación de gravar para un gaiteiro tradicional non é a mellor, ademais, José María e Manolo, os seus amigos percusionistas de Noitarega que colaboraron con el nese momento, enfadábanse moito por calquera erro que houbera no proceso de gravación e que obrigara a repetir a “toma”. Tanto foi así que me chamou a min para que estivese a carón de el, simplemente para tranquilizar o ambiente. E así foi, fun testemuña calada da gravación por desexo expreso do mestre, ata que se completou, e tamén participei na gravación dun tema, “A Oración do gaiteiro”, na que Henrique quería que soase o son do órgano xunto á voz de Beatriz Riobó e a súa propia gaita.

O Catro Camiños

Outro punto de encontro especial para Henrique Otero na última etapa foi o bodegón Catro Camiños en Gondomar. Alí había unha xuntanza espontánea de gaiteiros e percusionistas os últimos domingos de cada mes na primeira década do século. Henrique non faltaba e, a pesar da súa fama de estrito, ó seu xeito, apreciaba aquel marco da música tradi-

cional e os participantes, tocando con todos sen problema como un máis. Dedicoulle unha foliada a ese lugar: Foliada dos Catro Camiños (2007), que enmarcou el mesmo e agasalhou ao dono do local para que alí quedase estreándose alí mesmo polos músicos e gaiteros habituais. Foi este lugar o elixido polo mestre para gravar as músicas do Alalá monográfico que lle dedicaron no ano 2009 e no que gravamos con el os que considerou máis achegados naquel momento: Os gaiteros Carlos Estévez, Luís Caruncho e Juan Pena; Jose María e Manolo de Noitarega e, no meu caso, quixo que tocase o acordeón ao seu lado, outra mostra máis do ben que se sentía nese lugar nesas datas. Crearía outra peza máis datada o 30 de Decembro de 2011 e que expresamente dedica... “a tódolos grandes amigos dos 4 camiños”(sic).

Abóbriga, A Seneira, Cantares do Brión e Os Terribles de Donas

Froito dos encontros no Catro Camiños, tivo boas relacións con grupos e gaiteros da zona, como Abóbriga e A Seneira de Baiona, aos que chegou a encomendarlles a estrea da muiñeira Monteboi, despois de pasar tempo nos seus ensaios e de que lle pedisen que lles dedicase unha peza. Tamén, como consecuencia do Alalá que me dedicaron (Alalá 116), formou parte dos invitados a gravar, xunto cos Terribles de Donas e outros, no Pazo da Escola, tamén en Mañufe (Gondomar), e fixemos ensaios previos na miña casa en Belesar-Baiona. A Cantares do Brión e Os Carunchos, e a outros tamén, encomendoulles estreas das súas pezas.

Como curiosidade, quizais, pero que vén ao caso, o único compendio de partituras publicadas polo momento das súas obras para gaita solista foi pola editorial, dirixida polo profesor Javier Jurado, “Dos Acordes”, que ten o seu enderezo en Baredo-Baiona. Nesta edición vén a muiñeira “Nigrán”, que é unha das pezas da que damos conta.

E para rematar de ambientar o seu apego ao Val de Miñor, dicir que, na homenaxe que se lle fixo no Conservatorio superior de Vigo polo seu oitenta aniversario, elixiu o Rocamar de Baiona como lugar para a celebración da cea posterior ao evento, lugar que xa fora elixido para a celebración do casamento da súa filla Meli. Como anécdota dese día, Henrique, ao rematar, foi durmir á súa casa de Vigo xa pola unha da mañá e deuse conta de que esquecera a gaita no restaurante, non dubidou, antes de deitarse, en volver alí para collela e durmir tranquilo facendo sen problema cincuenta quilómetros entre a ida e a volta.

Grupos do Val de Miñor con Gravacións de obras de Henrique Otero

Por esta relación de Henrique Otero cos grupos da zona xa na actualidade podemos falar de que certos grupos, con compoñentes do Val de Miñor, editaron nos seus discos obras súas, pasando deste xeito a formar parte do repertorio habitual dos grupos mencionados. Deste xeito únense a outros moitos grupos importantes que xa teñen obras de Henrique Otero nas súas gravacións:



Fig 3. 2007 Con Henrique Otero na súa casa de Vilariño en Nigrán.

Airiños do parque de Castrelos, Raigames (inédito), Muxicas, Treixadura, Manxadoira, A Subela, Xistra, Noitarega, Breogán, Ardentía, Robaleira,... ademais de, por suposto, as gravacións de Os Cruceiros e a súa propia monográfica.



Fig 4. 2007 Gravando o programa Alalá no Catro Camiños en Gondomar.



Fig 5. 2007 Gravando o programa Alalá no Catro Camiños en Gondomar.



Fig 6. 2014 A Banda Raigames De Vigo fundada por Henrique Otero no Primeiro Memorial.



Fig 7. 2014 Cartel do primeiro memorial.



Fig 8. 2023 Cartel do Memorial X Aniversario.

Obras do catálogo de Henrique Otero adicadas ao Val de Miñor

Tema	Forma	Data	Grupo que o interpreta	Observacións/gravación ou estrea
1. Muiñeira de Monteferro	Muiñeira	1971		
2. Rompedouro	Marcha	1978	Raigames	Raigames 1982 Inédita
3. Muiñeira de Nigrán	Muiñeira	1983	Terribles de Donas	Moaña 2020
4. Fandango de Vilariño	Fandango	1986		
5. Lembranza a Baiona	Danzas Miñoranas	1990		
6. Na xesteira de Vilariño	Foliada Xota	1994	Terribles de Donas	Estrea en Mos 2020
7. Jota das Carballas de Vilariño	Xota	2005		
8. Foliada dos Catro Camiños	Foliada	2007		Catro Camiños 2007
9. Muiñeira do Ano Vello	Muiñeira	2011		"Está adicada a tódolos grandes amigos dos 4 Camiños".
10. Muiñeira de Monteboi	Muiñeira	2013	Abóbriga	Abóbriga 2019

Arquivo familiar da familia de Henrique Otero.

Gravacións de obras de Henrique Otero por grupos relacionados co Val de Miñor

Terribles de Donas	Muiñeira do Lagares	2017
Cantares do Brión	Foliada da Peneda	2018
Abóbriga	Muiñeira de Monteboi	2019
Os Carunchos	Zambriña	2021

Algúns referencias bibliográficas, fonográficas e documentais.

- Otero Covelo, Henrique (1978). Leccións de Gaita. Galaxia. Vigo.
- Henrique Otero, pezas para gaita solista (2019). Dos Acordes. Baiona.
- Henrique Otero, O Gaitero do Fragoso. Boa 2001
- Gravacións grupo "Os Cruceiros 1964-2008". Arquivo Xaime Estévez.
- Alalá nº 71, Henrique Otero. TVG 2008
- Alalá nº 116, Xaime Estévez. TVG 2009
- Blog Educafolk sobre Henrique Otero 2010-2023
- Arquivo familiar das obras de Henrique Otero. (cinco volumes).
- Gravacións editadas dos grupos mencionados no artigo.




Fig 9. Portada do volume II das obras de Henrique no arquivo familiar.